

Informe Cuadrimestral nº 53 (xaneiro-abril de 2022)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de xaneiro a abril de 2022 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola ordinarias os días 25 de xaneiro e 1 de febreiro e unha extraordinaria o 31 de marzo.

Persoal

1 de febreiro. Toma de posesión como Contratado Doutor do departamento de Electrónica e Computación de Ignacio Rañó Noal.

21 de febreiro. Toma de posesión como Axudante Doutor da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores do departamento de Electrónica e Computación de Javier López Fandiño.

4 de marzo. Nomeamento como coordinador do Máster de Computación de Altas Prestacións de Pablo Quesada Barriuso, cesando no cargo José Carlos Cabaleiro Domínguez.

16 marzo. O Consello de Goberno da Universidade Autónoma de Barcelona (UAB) aprobou o nomeamento como doutor *honoris causa* de Juan Manuel Lema, profesor emérito da USC e “un referente no estudo da enxeñería ambiental”, tal e como subliñou a institución universitaria de Cataluña.

27 de abril. Incorporación en conserxería en quenda de tarde de Juan González Quintela en substitución de Jesús Sánchez Lojo de baixa por enfermidade.

27 de abril. Toma de posesión de Manuel Felipe Mucientes Molina como Profesor Titular da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial e Juan Carlos Pichel Campos como Profesor Titular da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.

27 de abril. Producíronse as seguintes tomas de posesión de profesorado do Departamento de Enxeñaría Química:

- Diego Gómez Díaz, Profesor Titular de Universidade
- Marta Carballa Arcos, Profesora Titular de Universidade
- Héctor Rodríguez Martínez, Profesor Titular de Universidade
- M^a Amaya Franco Uría, Profesora Titular de Universidade

Asuntos académicos

19 de xaneiro. Publicación da asignación provisional de prazas Erasmus para o curso 2022-23.

27 de xaneiro. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de D. Xavier Esteve Llorens, titulada: The transition of food consumption towards sustainable patterns based on environmental, economic and nutritional aspects, dirixida por Dona Sara González García e D. Gumersindo Feijoo Costa.

4 de febreiro. Publicación da asignación definitiva de prazas Erasmus para estudantes da ETSE.

9 de febreiro. Defensa de TFM's do Máster de Computación de Altas Prestacións.

10 de febreiro. Defensa de TFM's do Máster de Visión por Computador.

10 de febreiro. Defensa dos TFM's do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

15 de febreiro. Defensa dos TFM's do Máster en Enxeñaría Ambiental.

16 de febreiro. Defensa dos TFM's do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

17 e 18 de febreiro. Defensa dos TFG's do Grao en Enxeñaría Informática.

21 de febreiro. Defensa dos TFG's do Grao en Enxeñaría Química.

17 de marzo. Entrega dos premios á calidade lingüística dos TFG e TFM. A sesión estivo presidida polo reitor Antonio López e contou coa intervención de Gumersindo Feijoo Costa, vicerreitor de Planificación, Novas Tecnoloxías e Sustentabilidade; Manuel Núñez Singala, director do Servizo de Normalización Lingüística; e Valentín García Gómez, secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Resultaron gañadores os seguintes alumnos da ETSE:

- *Análise enerxética aproximada*, de Noa Fernández Moreira, do Grao en Enxeñaría Informática. TFG titorizado por José Ángel Taboada González

- *Efecto da radiación UV-B e da combinación da temperatura e o CO2 sobre a ecofisioloxía dos organismos colonizadores do patrimonio cultural granítico*, de Diana Pérez Velón, do Máster en Enxeñaría Ambiental. TFM titorizado por Beatriz Loreto Prieto Lamas.

- *Impacto sobre a actividade encimática do solo do líquido iónico nitrato de etilamonio e a súa mestura co sal de alumnio, ambos con posibles usos electroquímicos*, de Teresa Sixto Anello, do Máster en Enxeñaría Ambiental. TFM titorizado por Beatriz Loreto Prieto Lamas.

25 de marzo. Presentación e defensa presencial da tese de doutoramento de D. David Manuel Kennes Veiga, titulada: Understanding the enzymatic and cometabolic biotransformation of organic micropollutants under aerobic heterotrophic conditions, dirixida por D. Juan Manuel Lema Rodicio e Dona Marta Carballa Arcos.

1 de abril. Presentación e defensa da tese de doutoramento de D. Abel Muñiz Mouro, titulada: Enzymatic technology for the production of high added value oligomers from natural antioxidants, dirixida por Dona Gemma M^a Eibes González e Dona Beatriz Gullón Estévez.

1 de abril. Publicación da asignación definitiva de prazas Sicue para os estudantes da

ETSE.

7 de abril. Celebración do Día da Escola:

Apertura do acto

D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Intervención de Dona Julia González Álvarez, Directora da ETSE

Memoria de Actividades da Escola no curso 2020-21 por parte do Secretario da ETSE, D. Óscar Rodríguez Figueiras

Entrega de Premios

- Extraordinarios Fin de Carreira
- Melloras Expedientes
- Melloras TFG e TFM
- Calidade Lingüística de TFG e TFM

Ponencia

“Cerrando o círculo: novos modelos de economía circular”

Dona Teresa Alvariño Pereira, Doutora en Enxeñaría Química e Ambiental, Xerente de Cetaqua Galicia

Entrega de Premios

- Leonardo á Docencia
- Leonardo á Investigación
- Altia ao mellor TFG no Grao en Enxeñaría Informática: Celia Fernández Pérez, “Programación de un nodo IoT autónomo con comunicación inalámbrica”.
- ViAQUA ao mellor TFM no Máster en Enxeñaría Ambiental: Matías Rivadulla Cora, “Estratexia de arranque da tecnoloxía innovadora SIAM para o tratamento de augas residuais a escala de planta piloto”.
- DXC ao mellor TFM no Máster en Tecnoloxías de Análise de Masivos: Big Data: Eduardo López Villanueva, “Diseño e implementación de un sistema de identificación biométrica para un gran volumen de usuarios”.

22 de abril. Presentación e defensa da tese de doutoramento de Dona Lucía Argiz

Montes, titulada: *Mixed-culture biotechnological processes for lipid-rich effluents valorization*, dirixida por Dona Anuska Mosquera Corral e Dona M^a Ángeles Val del Río.

26 de abril. Asignación definitiva de prazas de prácticas en empresa do Máster en Visión por Computador.

28 de abril. Aprobación polo consello de goberno dos premios extraordinarios de doutoramento curso 2021-21 obtendo o premio na área de Enxeñaría e Arquitectura os estudantes da ETSE Alba Pedrouso Fuentes e Alberto Regueira López.

Actividades

9 de febreiro. A comisión de Normalización Lingüística da Escola Técnica Superior de Enxeñaría convoca un certame de vídeos coa vontade de promover o uso do galego entre o alumnado. O certame titulado 'VÍDEO-ENXEÑOS. I Concurso de vídeos sobre enxeñaría informática e química' conta co apoio do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da USC.

O concurso foi resolto no mes de maio e concedéronse os seguintes premios:

- Na Categoría de “Alumnado de Mestrados do ámbito da Enxeñaría Informática ou Doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información” o I Premio Vídeo Enxeños, ao vídeo “Dispositivos Intelixentes que aprenden en sociedade” de Fernando Estévez Casado.
- Na Categoría de “Alumnado de Grao en Enxeñaría Química” o I Premio Vídeo Enxeños, ao vídeo “Coches de Hidróxeno” de Iván Rego Camiño, Antón Vázquez Seoane e Samuel Santiago Pose.
- Na Categoría de “Alumnado de Grao en Enxeñaría Informática” o I Premio Vídeo Enxeños, ao vídeo “¿Qué é o Bitcoin” de María Caseiro Arias e Juan Pablo García Amboage.
- Accésit do I Premio Vídeo Enxeños ao vídeo “Reactores Químicos” de Rubén González Sanmartín
- Accésit do I Premio Vídeo Enxeños ao vídeo “Intelixencia Artificial” de Daniel Mosteiro Angueira.

31 de marzo. Campaña de doazón de sangue na ETSE.

6 de abril. Resolución do II Premio Informatízate. Se acordou premiar os seguintes vídeos pola súa calidade técnica como de contido:

- "Top Secret Rosies", T.I.C. TAC NEWS, I.E.S. Plurilingüe Adormideras, A Coruña.
- “Gladys West a revolución do gps”, 2º ESO B, IES Martaguisela, O Barco de Valdeorras.

Adicionalmente decídese outorgar dous ácesits aos seguintes traballos:

- “Unha conquista bit a bit”, Ticas, Colexio Manuel Peleteiro, Santiago de Compostela.

- “Shirley Ann Jackson”, 3º ESO, Colexio Plurrilíngüe Divina Pastora, O Barco de Valdeorras.

22 de abril. A Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC, en coordinación coa Facultade de Informática da UDC e a Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, organiza a I edición galega do Concurso de Programación Ada Byron. O AdaByron é un concurso universitario orientado a medir as habilidades e destrezas en programación de aplicacións en estudiantado universitario. As persoas participantes estaban organizadas en grupos de 3 integrantes e resolveron ao longo da tarde do 22 de abril diversos problemas de programación. Nesta I edición galega, se seleccionou un equipo de cada centro organizador para participar na edición nacional, que terá lugar en xullo en Madrid.

Foron premiados pola ETSE os seguintes equipos:

- Equipo “MeuGang” composto por: Pablo Monteagudo Lago, Uxío García Andrade e Juan Pablo García Amboage
- Equipo “Rust Evangelists” composto por: Andy García Rodríguez, Jorge Alcalde Vesteiro e Adrián Chavez Gómez

Aula Profesional

Aberto todo o segundo cuatrimestre. Queres ser investigador/a? Vive a investigación. Organizado por Julia González Álvarez e Juan M. Garrido Fernández.

18, 19 e 27 de xaneiro. Análise do deseño e explotación de plantas de tratamento de augas: A visión dende a empresa e a administración. Organizado por Francisco Omil Prieto.

1 de febreiro. Xornada de investigación en Enxeñaría Química. Organizada por Héctor Rodríguez Martínez.

2 de febreiro. Obradoiro de edición en Wikipedia. Impartido por M^a Rocío Moreiras Plaza e organizado por Encina Calvo Iglesias.

10, 17 e 24 de febreiro. Curso “Control do Estrés” impartido por Ana López Durán, Profa. do Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía.

15 de febreiro a 31 de marzo. Women in STEM. Foro de Enxeñeiras ISA-USC. Coordinado por Isabel Vidal Tato.

3 de marzo. “Patentes e Innovación”, impartido por Juan M. Garrido Fernández.

8 de marzo. Charla “Homes e mulleres no traballo” impartida por Laura Hospido Quintana, Responsable da Unidade de Análise Microeconómico do Banco de España e membro fundadora de COSME (Comité sobre a Situación da Muller na Economía). Organizada pola Comisión de Igualdade da ETSE.

17 de marzo. "Impacto das librerías de terceiros sobre a privacidade dos/as usuarios/as de aplicacións Android. Organizado por Purificación Cariñena Amigo.

24 de marzo. Xornada de Investigación.CITIUS. Organizada polo profesores Senén Barro e Paula López.

21 e 28 de abril. Curso de redacción de textos científicos. Memorias de prácticas e traballos técnicos. Impartido por Gemma Eibes González.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

ALUMINA ESPAÑOLA	Titulacións da área de Enxeñaría Química
AMAZON SPAIN SERVICES S.L.	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
BIMBA Y LOLA	Tódalas titulacións da USC
BRA1N	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
CORTIZO PVZ	Titulacións da área de Enxeñaría Química
DCM EQUIPOS PARA AUTOMATIZACIÓN Y SOLUCIONES TÉCNICAS S.L.	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
GENESAL ENERGY	Tódalas titulacións da USC
INTERNACO	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
KIWANDA	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
METALES Y MUEBLES ESPECIALES	Titulacións da área de Enxeñaría Química
NTT DATA SPAIN	Titulacións da área de Enxeñaría Informática
SEGULA TECHNOLOGIES	Tódalas titulacións da USC
Services, Research and Mapping S.L.	Tódalas titulacións da USC
TRAGSATEC	Titulacións da área de Enxeñaría Informática

Visitas a empresas

21 de xaneiro. Visita ao Encoro do Con dos alumnos da materia do Máster en Enxeñaría Ambiental, Calidade de Augas, coa profesora Sarah Fiol.

29 de abril. Visita a Finsa polo alumnos da materia “Tecnoloxías para a valoración de biomasa” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, coa profesora Julia González Álvarez.

Outros

17 de febreiro Participación dos Coordinadores dos Másters da ETSE na xornada de presentación da oferta de mestrado da USC a estudantes internacionais.

3-4 de marzo Encontros na zona USC: presentación na ETSE dos Graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial ao alumnado de Bacharelato.

11 de marzo Olimpiada Informática Galega 2022.

31 de marzo IV Xornada de software libre para uso científico organizada pola Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSA).

8 e 11 de abril Encontros virtuais na Zona USC dos/as coordinadores/as dos Graos co alumnado de bacharelato.